

I

Fozabas na aldea suando rabelas,  
ouvías ós fillos cramar. I a Xusticia  
virábache o lombo.

As Leis e o Dereito  
facíanse o xordo.

As chuvias, o vento i o sol  
mirraban teu corpo,  
da ialma...millor non falar: Sempre  
magoada coa idea do inferno  
i o demo.

Petaches na porta da vila,  
topaches traballo,  
vendiches os leiros i en troques  
mercaches un piso  
a plazos.

Ecoan nas ruas teus berros de trunfo,  
obróuse o milagro:

A industria non teme nubeiros  
nen pragas nen raios !

II

"Ou tempo perdido na aldea  
decruando barbeitos, rozando toxals  
tripando lizmachas e trollo,  
seituradas, aradas, fogaxe no vrau,  
xaneiros que entalan as maus.....

Mal haxe o poeta  
 que, ou parvo, salaia por vos!  
 Se a verba atinguira coas sudas  
 que verte o labrego arrincando no estrume.....!

### III

Conqueriches o mundo.  
 O xornal que che dan é folgado.  
 Non caviles nas horas  
 que malvives escravo;  
 outras doce eres ceibe, durmindo,  
 viaxando no "bus" e no "metro", meu santo !  
 O domingo na ~~te~~ "tele" dan fútbol,  
 Ou Progreso, qué adianto !  
 Serás dono dun piso en dez anos  
 e terás prós festivos  
 un utilitario.....

( Il ben traballaba.  
 Non era folgán; pro a saúde  
 xogóulle a trasnada.  
 Denantes de entrar en plantilla,  
 coitado, enfermóu.  
 O infarto lañóu ~~axerxaba~~ ó emigrado  
 e o mouro industrial rescindiulle o Contrato  
 deixando na rúa  
 ó vello labrego enxertado na vila.

.....

....